| CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga. | Recoñecer as pautas para un uso axeitado dos medios de transporte públicos e privados, mostrando respecto polo medioambiente. | | |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos. | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas. | | |
| CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia. | Coñecer os diferentes tipos de transportes que existen e as súas funcións. | | |
| CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común. | Demostra un uso axeitado das normas de uso dos medios de transporte | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 6 | O paso do tempo | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos. | TI | 100 |
| CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Buscar información de forma guiada, | | |
| CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara. | Participa en experimentos | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais. | | |
| CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada. | Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación. | | |
| CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación. | Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural. | | |
| CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga. | Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga. | | |
| CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. | Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos. | | |
| CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe. | Coñecer información sobre a contorna | | |
| CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. | Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas. | | |
| CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia. | Identificar institucións próximas, | | |
| CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta. | Coñecer normas básicas sobre a circulación vial. (pasado, presente e futuro). | | |
| CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común. | Respectar o patrimonio natural e cultural (edificios e construcións antigas). | | |
| CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión. | Ordenar temporalmente empregando nocións de medida: ano, mes, semana e día. Recoñece as funcións básicas do reloxo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e |

Contidos

- clasificación, procura de patróns...).
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.
- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.
- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.
- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.
- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.
- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada pretenderá desenvolver no alumnado as diferentes competencias básicas establecidas na LOMLOE, promovendo unha aprendizaxe competencial, que permita ao alumnado desenvolverse dun xeito global. Fomentaremos aspectos como a reflexión, a crítica e a comunicación.

Prestarase especial atención ao desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social. Animando ao alumnado a reflexionar sobre diferentes feitos que acontecen ao seu redor, analizando o impacto que as súas condutas teñen na súa contorna. Partiremos da realidade próxima ao alumnado, co fin de proporcionarlles unha aprendizaxe significativa, que lles permita comprender o mundo no que viven. tegrando saberes para que o alumnado avance nas súas competencias, relacione aprendizaxes, e se converta no protagonista da súa evolución.

As unidades seguen unha ruta didáctica en diferentes fases: Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema. Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento. Aplicación do aprendido nas tarefas complexas (graduacións na complexidade das tarefas), con forte sentido competencial e actitudinal. Consolidación, valoración do aprendido e personalización. E finalmente, aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

A avaliación será unha parte fundamental de todo o proceso. A Avaliación será global e formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo e a propia práctica docente. Empregaremos unha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Libro de texto |
| Caderno e fichas |
| PDI |
| Computadores de aula |
| Recursos bibliográficos (biblioteca) |
| Material funxible |
| Globo terráqueo e mapas |
| Xogos de mesa, puzzles e materiais manipulativos |
| Genially |
| Liveworksheets |
| Classdojo |

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.

- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas.
- Autoavaliación.
- Rutinas de pensamento.
- Cuestionarios de avaliación inicial
- Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 15 | 15 | 15 | 15 | 20 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

A cualificación será de 0 a 10. Para establecer a cualificación teranse en conta os seguintes criterios:

- 40% Obterase como resultado das medias das probas orais e/ou escritas e da observación directa.
- 40% Obterase como resultado da revisión periódica dos traballos na aula (caderno, fichas, libros, traballos ...) puntuando aspectos como:
 - Limpeza e orde na presentación.
 - Aplicación correcta dos coñecementos adquiridos: por escrito ou oralmente (mínimos esixibles para cada área, consultar punto 5.4).
 - Constancia, esforzo e regularidade no traballo (remata os traballos).
- 20% de actitude ante a materia: participa, atende ás explicacións da persoa titora, cumpre as normas...

Sumando todos os apartados obterase a nota media.

Estes criterios serán os mesmos para a 1ª, 2ª e 3ª avaliación. Para aprobar cada materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5.

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado. A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

O discente que non alcance os estándares mínimos programados para cada avaliación:

- a) Rectificará a súa actitude se esa é a dificultade: esforzo, interese, participación...
- b) En caso de que estime oportuno o mestre/a, fará aqueles traballos que non fixo ou fixo mal e mellorará a calidade dos traballos escritos.
- c) Reforzo do mestre aportándolle material e recursos para superar a materia na seguinte avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos:

ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA): Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos. Faranse as adaptacións rpecisas apra adaptarse a cada nenos/a.

COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...

PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e altas capacidades intelectuais) con fichas de reforzo e/ou ampliación.

ACTIVIDADES MULTINIVEL: Posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.

ENSINO TITORADO.

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN. LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | | | | |
| ET.4 - Competencia dixital | | | | | | X |
| ET.5 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Emprendemento | | | | | | X |
| ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para o consumo responsable | | | | | X | |
| ET.10 - Desenvolvemento sustentable | | | | | X | X |
| ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito. | | | X | | | |
| ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sostible, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------------|--|----------|----------|----------|
| Visita a unha Granxa-escola | O obxecto da visita é o de realizar obradoiros con material de refugallo e traballar a educación medioambiental. | | X | |
| Visita a un museo | Para aprender re repasar contidos relacionados co mar e cos medios de transporte | | | X |

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado? |
| Préstase atención aos elementos transversais plantexados? |
| Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas? |
| Metodoloxía empregada |
| Conseguíuse motivar ao alumnado? |
| Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe? |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro? |
| Medidas de atención á diversidade |
| Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan? |
| Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades? |
| Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE? |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente? |
| Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso? |

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoráranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de

avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

- Desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

- Utilización dunha metodoloxía adecuada

- Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.

- Regulación da práctica docente

- Grao de seguimento dos alumnos.

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

Aos alumnos.

Ás familias.

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados